



## **INTRODUCCIÓN**

Este é un documento con 37 medidas concretas e prazos de execución, para un goberno transparente, participativo e de consenso orientado á veciñanza. Servirá para fixar a nosa postura de cara a sesión de investidura, en función da resposta que obteñamos. En ningún caso sería un pacto de goberno.

## **PARTICIPACIÓN**

### **1. Regulamento de participación cidadá.**

Conterá

- A regulación da consulta popular.
- A regulación das iniciativas populares, que facilitará substancialmente esta posibilidade respecto á lexislación vixente.
- A regulación do dereito de intervención nos plenos municipais.
- O dereito de presentar queixas, reclamacións e suxestións.
- Os órganos de participación cidadá, a través dos Consellos sectoriais, Consellos territoriais e Consello de participación cidadá.

Prazos:

Na primeira comisión informativa despois do 15 de setembro levarase o primeiro borrador de regulamento. Aprobarase inicialmente este ano.

Desenvolvemento e posta en marcha do Regulamento de Participación cidadá, coa creación dos consellos sectoriais que se consideren (Cultura estará entre eles) no ano 2016.

### **2. Reactivación do Consello sectorial do PXOM.**

No mes de Xuño de 2015 sería a primeira convocatoria, tendo a partir dese momento que funcionar segundo se indica no seu regulamento de participación.

### **3. Orzamentos participativos.**

Prazos:

Elaboración do regulamento de orzamentos participativos. Prazo 31 de decembro de 2015.

Orzamentos do ano 2017. Realizaranse mediante o regulamento de orzamentos participativos.

#### **4. Creación do Consello de participación cidadá de Nigrán.**

A súa presidencia será consensuada. A presidencia será delegada a un membro de Nigrán Decide, que a exercerá sen dereito a indemnización nin retribución.

Será consultado preceptivamente para temas como elaboración de ordenanzas, proxectos de infraestruturas, etc.

Prazos:

Na primeira comisión informativa despois do 15 de setembro levarase o primeiro borrador de regulamento. Aprobarase inicialmente este ano.

Comezará a funcionar regularmente no ano 2016

#### **5. Disposición dos locais do Concello para os grupos, partidos políticos, asociacións, etc.**

Deberán ser adecuados e incluírán o salón de actos e salón de plenos nos horarios que se acorden de xeito consensuado.

Establecemento do réxime concreto de utilización dos locais por parte dos grupos da Corporación.

Prazo: 30 de setembro.

### **TRANSPARENCIA**

#### **6. Transparencia, nos seguintes aspectos:**

Ademais do cumprimento das leis en materia de transparencia:

- Xestión da bolsa de emprego do Concello de Nigrán.
- Xestión da formación a desempregados que se imparta por parte do Concello de Nigrán.
- Inclusión nos contratos do Concello, de cláusulas de transparencia, de cara á contratación de persoal das contratadas do concello e as subcontratas.
- Inclusión nos contratos do Concello de cláusulas de transparencia. De cara a subcontratación nas empresas adxudicatarias.

Prazo: Setembro de 2015.

#### **7. Portal de transparencia**

Porase en marcha un portal de transparencia na web do concello de Nigrán onde se publicarán:

- Os contratos do Concello de Nigrán.
- Os convenios que asine o Concello de Nigrán.
- As contas detalladas e os orzamentos.
- Subvencións e axudas públicas.

- A documentación que deba ser sometida a información pública.

Prazo: Ano 2015

#### **8. Publicación do rexistro de bens e intereses no BOP.**

- Cumprimento do acordo sobre publicidade do rexistro de bens e intereses dos e das concelleiras da corporación.

Prazo para o envío do anuncio: 30 de xuño de 2015

#### **9. Transparencia cara á corporación.**

- Facilitarase diariamente unha copia diaria das entradas e saídas do rexistro a aqueles voceiros de grupos que o soliciten.

- Facilitarase as actas das reunións deliberativas e das sesións da Xunta de Goberno, no prazo de 10 días despois de celebrarse.

#### **10. Funcionamento da corporación.**

Ás comisións informativas poderá asistir un membro suplente de cada grupo municipal como oínte, sen dereito a indemnización.

Os plenos celebráranse pola tarde.

Presenza dun membro de cada grupo da político nas mesas de contratación, con voz e sen voto.

#### **11. Funcionamento da Xunta de Goberno.**

Supresión das delegacións do pleno na xunta de goberno local.

Regulamento/acordo de funcionamento Xunta de Portavoces.

Funcionamento da Xunta de Goberno Local no que poda asistir un membro por cada grupo municipal como oíntes que non sexan membros da Xunta de Goberno Local sempre que o soliciten previamente á presidencia.

#### **12. Regulamento orgánico**

Elaborarase un regulamento orgánico que conterá todos os aspectos relativos ao funcionamento do Concello contidos neste documento.

Prazo: 2015.

#### **13. Comisión especial de Reclamacións e Suxestións.**

A súa presidencia será consensuada. Estará presidida por un membro do grupo Nigrán Decide.

Crearase no pleno de Organización, e a súa creación e funcionamento non suporá un aumento de gasto.

O regulamento aprobarase no pleno de setembro de 2015.

Esta comisión actuará como comisión informativa permanente en todo o relativo á participación cidadá e á transparencia e información á cidadanía.

## **GOBERNO PARA A VECIÑANZA**

### **14. Privatizacións**

Non se privatizará ningún espazo público, con especial referencia ao espazo deportivo de Porto do Molle.

### **15. Inventario**

De camiños, terreos públicos e bens do Concello.

Prazo: Ano 2016

### **16. Remunicipalización do servizo de abastecemento e saneamento de auga.**

Elaboración dos informes de fiscalización do mantemento e conservación da infraestrutura do servizo previstos na cláusula 26ª.3 do contrato. Prazo: 31 de decembro de 2015.

### **17. Mancomunidade do Val Miñor.**

O grupo Nigrán Decide terá un representante.

### **18. Auditoría de contas e de servizos municipais privatizados ou externalizados.**

Polo menos, implicará a necesidade de determinar:

- O pago de servizos non realizados.
- O custe ou a conveniencia de prestalos con medios propios.

Prazo:

O 30 de setembro terase realizado un cronograma. Comezase por CESP.A.

### **19. Oficina de urbanismo**

Ningunha persoa condenada por delitos urbanísticos poderá traballar na oficina de urbanismo.

## **EMPREGO**

### **20. Realización dun plan de emprego orientado á creación dun emprego de calidade**

Que conterà:

- Plan de formación orientado á creación de cooperativas, SAL, así como as empresas que se penses instalar no Porto do Molle e orientado á realidade económica de Nigrán. Para iso se utilizarán o coñecemento da veciñanza de Nigrán.
- Medidas fiscais e administrativas na contratación para fomentar o emprego da veciñanza de Nigrán.
- Un servizo de asesoramento para a creación de cooperativas, SAL, etc.

Prazo:

Outubro de 2015.

Previamente (o 15 de setembro ao máis tardar) xa se terá un programa de cursos orientado á empresa aeronáutica que se vai instalar en Nigrán.

## **21. Departamento de emprego**

Creación dun departamento específico de emprego, cunha orientación especial dunha partida para a creación de emprego xuvenil, para as mulleres, e as persoas desempregadas de longa duración.

## **22. Microcréditos**

Inclusión nos orzamentos do ano 2016 dunha partida específica para buscar fórmulas que permitan a obtención de microcréditos para a creación de microempresas que contribúan á redución do desemprego, que xeren emprego de calidade e que sempre sexan respectuosas co medioambiente.

## **23. Emprego no Concello**

Non se fará ningún contrato cun salario inferior ao 75% do salario medio en Galicia.

Prazos:

No ano 2015 este límite será do 60%

No ano 2016 este límite será do 70%

A partir do ano 2017 (incluído) o límite será do 75%

## **SERVIZOS SOCIAIS**

### **24. Gasto Social**

No orzamento do ano 2016 producirase un aumento das partidas destinadas a gasto social e garantiremos os servizos mínimos a toda a cidadanía con independencia dos seus recursos a través de medidas como o **cheque social**.

### **25. Plan de accesibilidade**

**Elaboración dun Plan de Accesibilidade** para persoas con diversidade funcional que eliminen as barreiras físicas no conxunto de servizos e infraestruturas municipais.

Prazo: Marzo de 2016.

### **26. Taxas e impostos**

Publicitación da base orzamentaria que permite aprazar pagos de impostos e taxas.

**Bonificaremos a carga impositiva** daquelas familias e persoas que o precisen, o cal terase en conta nos orzamentos do ano 2016.

### **27. Creación do Consello da Xuventude.**

Será presidido por un concelleiro de Nigrán Decide.

### **28. III Plan de Igualdade entre Mulleres e Homes para Nigrán**

Prazo: Xullo de 2016

### **29. Programa de axudas municipais para Libros e Comedor.**

Inclusión no orzamento do ano 2016.

### **30. Plan municipal de medidas específicas para favorecer o éxito escolar.**

Para este curso 2015-2016 deberá comezarse un programa piloto.

### **31. Modificación das ordenanzas dos prezos públicos das escolas municipais, para ter en conta as circunstancias económicas das persoas usuarias.**

Prazo: Setembro de 2015

## **MEDIO AMBIENTE**

### **32. Programa municipal para facilitar a aquelas persoas con menos recursos a conexión á rede de saneamento.**

Prazos:

No relativo ás taxas e para este ano, publicación da Base 26ª. das bases de execución orzamentaria, relativa a aprazamentos e fraccionamentos de débedas.

No relativo ás obras que ten que facer Aqualia o prazo sería no ano 2017, unha vez remunicipalizado o servizo de abastecemento de auga.

### **33. Ruído.**

Dotación no orzamento do ano 2016 dunha partida orzamentaria para a adquisición dun sonómetro.

### **34. Monteferro**

Solicitude de declaración de Monteferro como paisaxe protexida.

Prazo: Ano 2015.

### **35. Vertidos e medio ambiente**

Elaboración dunha ordenanza de medio ambiente para o Concello de Nigrán, que teña en conta os vertidos e a limpeza de fincas.

### **36. Realización dun estudo de mobilidade.**

Prazo:

Necesariamente será un paso previo á aprobación provisional do PXOM.

### **37. Fomento da lingua galega**

Cumprimento da lexislación en materia de normalización lingüística.

Necesariamente os anuncios do concello serán enviados e publicados en galego.

Prazo: Setembro de 2015